

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de novembro de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,

FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 12 de agosto e sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 12 de agosto e sesión ordinaria de 26 de agosto de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.635 o día 22 de novembro actual, xunto coa moción, rogos e preguntas do pleno e das comisións informativas.

1º Moitos veciños do concello denunciaron que o panel informativo da Tapia, á altura da farmacia, cega debido á intensidade da súa luz. Ademais a información municipal que proporciona é mínima xa que a publicidade é moito maior. Rogamos nos informen do sistema que se utiliza para a xestión do panel.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que, respecto da intensidade, foi motivado por un fallo electrónico, pero arranxouse a semana do 20 de outubro.

Respecto da información, é a mesma que aparece no resto dos paneis do concello. O ciclo completo entre anuncios e publicidade ten unha duración de 438 segundos, dos cales 138 están destinados a información municipal, dando unha porcentaxe do 31,5 %, un 1,5% máis do estipulado no contrato. A información municipal é a mesma que aparece nos demais paneis do concello, e o mantemento dos paneis é gratuíto.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pide que se lles facilite unha copia, ao que dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se lles facilitará.

2º Na N-550 ao seu paso pola Pena, en Sigrás, hai unha casa abandonada que ten un muro derrubado e un burato pegado á estrada. Rogamos ao equipo de goberno que tome as medidas de seguridade oportunas para evitar accidentes no lugar.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que foi a policía, fixo unha reportaxe fotográfica, e pasouse o rogo á Sección de Urbanismo, que é a quen corresponde esta actuación.

3º Numerosos veciños da Barcala amosáronnos o seu malestar porque o autobús de primeira hora á Coruña atrasou o seu horario sen previo aviso, polo que moitos veciños tiveron que chegar tarde aos seus postos de traballo. Rogamos ao equipo de goberno nos informe das xestións que realizou para recuperar a normalidade do servizo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que non recibiron queixa ningunha no departamento. Falouse coa empresa, e manifestaron que non houbo cambios. O que se cambiou, foi a saída do autobús das 8:30, dez minutos máis tarde, pero hai máis dun ano.

Conclúe que non houbo ningunha queixa por parte dos usuarios.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que eles tamén recibiron queixas neste sentido.

O Sr. alcalde conclúe que se está estudando que en vez de facer o servizo cada media hora, facelo cada 20 minutos, iso motivado no tráfico que hai.

4º As obras de construción do novo trazado da estrada CP-1703 seguen paralizadas. Nun pleno recente o alcalde respondeunos que existía un erro na expropiación dun terreo e que non se podería solucionar ata que a persoa encargada do expediente se reincorporara das vacacións. Rogamos nos informen de se se reincorporou esa persoa, de cal era o erro e se xa se solucionou.

O Sr. alcalde contesta que está solucionado. O problema era por un ancián que tiña un garaxe e metía o tractor. Hai tres días que a Garda Civil foi a sacar o tractor e cre que xa está arranxado o asunto segundo se manifestou polos técnicos da Deputación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 26 de agosto de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2009

Vista a circular procedente da Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 11.155 o día 8 de setembro de 2008, respecto da elaboración do plan de obras e servizos 2009.

Visto o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 20 de novembro actual.

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de novembro actual.

O Sr. alcalde concede a palabra ao enxeñeiro de camiños municipal, que explica o contido das obras incluídas no POS 2009, tanto a principal como a incluída no Plan complementario.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, expón que lle chama a atención o punto cuarto da proposta de Alcaldía respecto dos acordos a adoptar, pois declárase que o concello dispón dos terreos, etc., para a execución da obra.

O Sr. alcalde contesta que a día de hoxe non se dispón dos terreos, pero hai un prazo ata o mes de xuño para contratar as obras, polo que dá tempo a adquirilos.

Engade que está contratado o tema da expropiación con ICEACSA e agárdase ter realizada a expropiación no mes de marzo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que, sendo importante a execución da obra, hai que ter clara a dispoñibilidade dos terreos, pois despois atópanse con problemas e queixase o concello de que os veciños se aproveitan e queren cobrar polos terreos máis do que lles corresponde, hai que facer concesións a maiores, etc. Eses son os problemas por facer as cousas mal. Esta obra non é urxente, e habería que dispoñer antes dos terreos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que na circular da Deputación xa se esixe que os terreos aos que afectan as obras propostas deben estar a disposición do concello. É necesario facer a travesía, pero eles non poden votar algo que non é real. Lembra que o seu grupo xa tiña proposto a execución desa obra no ano 96 e lembra tamén que hai exemplos, como o da Casa da Cultura, que se encargou o proxecto para facer nun terreo, e despois non se puido facer por problemas urbanísticos.

O Sr. alcalde contesta que o expediente de expropiación avala ao concello de que se poidan conseguir os terreos antes de marzo.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que os terreos teñen que ser xa do concello.

O Sr. alcalde contesta que si, pero cre que a vontade da corporación é facer a obra, e en canto ao expediente de expropiación, cren que se vai chegar a un acordo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que eles o problema que ven é outro, pois consideran que adquirir os terreos mediante o expediente expropiatorio é problema do equipo de goberno, polo que dan o seu apoio á proposta, pero o problema está no financiamento da obra, que non é a maneira de dedicar o diñeiro público a unha obra na que parte do financiamento debería ser de conta dos propietarios.

Conclúe que o seu grupo vai a votar a prol. Se non se dispón dos terreos no momento de contratar a obra, será responsabilidade do equipo de goberno.

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e BNG, e tres abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, acorda ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado pola seguinte obra e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Orzamento
Travesía de acceso ao Cemiterio. Concello de Cambre-A Coruña	376.944,70 €	153.183,78 €	530.128,48 €

Segundo: Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2009 e que se relaciona no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2009 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

Denominación da obra	Orzamento
Renovación de firme nos camiños de Cela-Canal e San Bartolomé-Armental, Cambre	126.766,78 €

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2009 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2009.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º Aprobación, se procede, do proxecto de “Mellora da estación de bombeo do Temple. Cambre (A Coruña)”, incluído dentro do Plan de saneamento de Galicia. Solicitud de financiamento e compromisos de colaboración

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de novembro actual.

O Sr. presidente concede a palabra ao enxeñeiro de camiños municipal, quen expón o contido do proxecto incluído na orde do día, así como doutro proxecto, o denominado “Renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios. Cambre (A Coruña)”, que se financiará ao 100% polo organismo autónomo Augas de Galicia, quen tamén o executará.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o proxecto “Mellora da estación de bombeo do Temple. Cambre (A Coruña)”. (OH-315.890), cun presuposto de execución por contrata de 893.658,71 €

Segundo: Solicitar, ao Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro: Comprometerse, por parte do Concello de Cambre, á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 100.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a obra de referencia está exenta do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Igualmente, dado que o proxecto foi encargado polo propio concello, cos informes técnicos

municipais correspondentes, e tendo en conta o establecido no artigo 2 da Ordenanza fiscal núm. 7, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, non se produce o feito impoñible da taxa, polo que non procede cobro ningún.

Quinto: Expoñer ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

Sexto: Declarar o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Sétimo: Declarar o compromiso de actualización das tarifas por prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

Oitavo: Delegar no Sr. alcalde-presidente para solicitar o financiamento.”

4º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.635 o día 22 de novembro actual, xunto coa moción, rogos e preguntas do pleno e das comisións informativas.

1º Nun pleno recente o PP de Cambre denunciou que a empresa adxudicataria do servizo de limpeza viaria non cumpría coas súas obrigas en determinados puntos do concello. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe das xestións realizadas para comprobar e solucionar esta situación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, reconece que tiveron problemas coa empresa. Expuxéronse as queixas por parte do concello, e a empresa adoptou o compromiso de vixiar que se cumpre o contrato, e cada 15 días darán conta de como se van facendo os traballos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que hai zonas polas que non foron nunca.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que non é certo. Hai unhas zonas nas que teñen que ir unha vez ao mes, noutras unha vez á semana, ou cada quince días, etc.

Conclúe dicindo que se lles pediu que entreguen no concello o plan de traballo por anticipado para vixiar e que o concello poida comprobar que se cumpre.

2º Numerosos camiños do concello atópanse intransitables por culpa da maleza. Rogamos ao equipo de goberno nos informe de cando se realizará a próxima limpeza.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que está pendente de contratación. Sairá en breve.

3º O espello que se atopa no cruzamento da Pena, en Sigrás, leva varios meses roto, polo que aumentou a perigosidade nese lugar. Rogamos ao equipo de goberno que dea as ordes oportunas para repoñelo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que xa deu aviso á brigada de obras.

4º Na estrada de Sigrás ao paseo fluvial do río Mero colocáronse obstáculos para impedir que accedieran os vehículos. Non obstante, colocáronse tan pegados que impiden o acceso de persoas en cadeira de rodas. Rogamos ao equipo de goberno que realice as xestións oportunas para que se coloquen estes obstáculos a unha distancia mínima entre eles de 80 cm.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que dado que os puxo a Confederación Hidrográfica, pedirán unha reunión para expoñer o tema.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14.638 o 22 de novembro actual, xunto coa moción, rogos e preguntas do pleno e das comisións informativas.

1º A recollida do lixo é un servizo prestado polo Consorcio das Mariñas, e correspóndelle a este ente a súa colocación nas mellores condicións de uso para os cidadáns. Os colectores selectivos de papel e vidro, deberían estar situados en lugares cómodos para facilitar e potenciar o seu uso, nalgúns casos é difícil o acceso debido á maleza existente nas súas inmediacións.

Pregamos que por parte do concello e do propio Consorcio, se realice un estudo dos puntos para mellorar a súa situación e utilización.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que hai un informe da policía local respecto dos colectores de papel e

vidrio que están mal colocados. Xa se están cambiando algúns, e a principios de ano xa estará todo o tema da colocación dos colectores controlado.

2º Con data de 30 de outubro o noso grupo presentou un escrito no rexistro, sobre o lamentable estado de sucidade e abandono no espazo existente entre o límite do campo da feira e as propiedades contiguas, para que se retirase e levase a cabo a limpeza do lixo e demais elementos acumulados.

Pregamos se leve a cabo o acondicionamento e limpeza do lugar, e se tomen as medidas axeitadas para que permaneza nas mellores condicións de hixiene, co fin de evitar riscos e molestias ás persoas e ás súas propiedades.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que xa se puxo en coñecemento da empresa. Nesta época, coa caída da folla, teñen máis traballo e é máis complicado o tema da limpeza. Non leva o mesmo tempo limpar agora a estrada da Estación que hai dous meses.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14.638 o 22 de novembro actual, xunto coa moción, rogos e preguntas do pleno e das comisións informativas.

1ª A iluminación do complexo deportivo da Balastreira permaneceu acendida nalgunhas ocasións case as 24 horas do día.

Pode informarnos o concelleiro responsable do motivo, e cales son os criterios e horas de acendido e apagado das instalacións deportivas descubertas.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes contesta que non se trata da iluminación da pista, senón que os dous farois están conectados á iluminación pública, e se algún día estivo acendida sería porque a célula fotoelétrica estaría estropeada.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 26 de agosto de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

Mª Luisa de la Red Ampudia